

Orfeu en soños

: 00000251
: Blanco, Ramón
: Orfeu en soños
: Letra inversa
: 84-96259-80-3
:
--
:
: 8,00€



:

80 páx. (105x165 mm.)
Esperta este Orfeu en soños de vedraia tumba de marbre, nun illote fronte ás costas de Tracia, erguendo a fonte limpa do seu canto e a súa profética sombra (Pantasma de dubidoso aspecto) dende as primeiras páxinas do libro. Mais non recalará a súa lira nas costas mediterráneas -homérico mar, escuro coma o viño-. Na súa singradura escorregan ronseis e hexámetros clásicos sobor das ondas, e os timoneis -de Ulises a Derek Walcott e Manuel Antonio- sucun por mares nunca de antes navegados. O obxectivo son as Illas Afortunadas, metáfora ou paráfrase incompleta da Arte e da Poesía Boa. Cada poema é arquipélago de seu; os versos, as imaxes corren en carreira desbocada, iluminan uns instres antes de apagarse -como chama- e seren sobrepasadas na carreira. Recalada nunha illa: rubimos entre o recendo de rústicas flores a tortuosa xeografía da sintaxe. En cada río e curso de auga toma quizaves Ofelia as nove ondas que fecundan estes versos. E os paxaros faladores esgazan co peteiro follas que conteñen poemas de amor. (Conde de Paço Tristão).

Letra inversa: